

# PEREIRIÑOS

Boletín Informativo da Biblioteca do  
CEIP do Foxo

BOLETÍN Nº 34  
DECEMBRO 2007

## PRESENTACIÓN

**H**oxe, luns 17 de decembro de 2007, unha nova Estrela xorde no firmamento do Foxo. Estamos a falar dun pequeno trasno da especie “Furabolos” que atende ao nome de Fuxú e que vai ser, a partires de agora, o noso Superheroe.

Fuxú, creador de estrelas e protector dos rapaces e rapazas do Foxo, é unha creación do artista cuntese Héitor Picallo Fuentes, para a biblioteca do CEIP do Foxo. E este **PEREIRIÑOS** especial vai dedicado integramente, como non podía ser doutro xeito, ao noso novo amigo que desde hoxe vai vivir connosco, na biblioteca do noso colexio, o Superheroe Fuxú.

## SUMARIO

Páx. 1

✍ **PRESENTACIÓN**

Páx. 2

✍ **FUXÚ “O SUPERHEROE”  
DO CEIP DO FOXO**



## FUXÚ "O SUPERHEROE" DO CEIP DO FOXO

CHÁMOME "FUXÚ", e o meu nome é a voz do vento. SON un pequeno trasno, da especie "Furabolos", creador de estrelas e protector dos nenos,... Para que me coñezades contareivos a miña historia.

Nacín hai preto de 500 anos na bisbarra de Tabeirós, concretamente nun pequeno quinteiro de catro casas ao pé dun camiño de po e pedras no lugar do Foxo. Miña nai, que se chamaba Buxaina, quedara preñada do vento, unha noite estrelada ao ladiño da torre de Cira, cando ía apañar algo de herba orballada para o gando, que seica era moi boa para sandar as dores de bandullo. Esa noite, Buxaina dera centos de voltas e reviravoltas sobre si mesma por mor dos sopridos do sueste,... E colleu tanto aire que, se ben xa era un pouco redondiña, o vendaval enchéraa de felicidade.

Logo das tres semanas de rigor, como pasa en todos os da miña especie, miña nai puxo un ovo, totalmente esférico, totalmente redondo, branquiño totalmente. Incubouno non máis de dúas lúas cheas e, mentres o facía, os neníños e neniñas de Olives, Curantes, O Foxo, Berres,... líanlle a esa cascariña moreas de libros e máis libros que na escoliña rural lle mandaban estudar os mestres. Eran de misterio, de poesía, de historias doutro tempo, de teatro,... Contaban cousas pasadas, tempos que ían vir, soños dos vellos poetas e ilusións para o mundo. Entre Buxaina e as verbas dos cativiños da contorna, a miña cascariña estaba quente e entretida, atenta a todo o que se lle dicía,... Por iso xa sabía falar e ler antes de que nacera.

Mentres estiven dentro desa codia de cuncha todo hai que dicilo as letras que escoitaba eran o meu alimento. Encantábame absorber como espaguete a letra S ou o G, ou furar os miolos do P, do Q, do B, do O, do D,... Tamén, cando me atragoaba un



pouquiño, chuspía o puntiño do I, o carrapucho do Ñ, o traciño do T, a barriña do Z. Se as letras me repetían polo empacho era entón cando duplicaba as consoantes o W, o LL, o RR,...

Ao cabo de oito lúas a miña cascariña fendeu e toda a aldea estaba reunida na rotea para ver o fantástico acontecemento, todos estaban ansiosos de coñecer ao primoxénito da Buxaina. Entre as fendas da quebrada esfera asexaba un corpo longo, estarricado e de cor verde que, logo de ser visto con asombro por Xosé da Manteiga, un canteiro de moito creto no val de Cuntis, alguén se apresurou a dicir:

-É unha serpe, é unha serpe!!

Nin moito menos. Era unha trompa, longa e máis longa,... que anunciaba a presenza dun ser fantástico e fantasioso: FUXÚ.

Daquela, igual que agora, vestía botas vermellas, capa vermella, calzóns marróns, camisola branca, luvas azuis e unha fermosa máscara tamén celeste. O máis curioso do meu aspecto, sobre todo para os veciños dos arredores que nunca viran tal, era que no canto de ter orellas, da miña cabeza saían un par de ás por algo era fillo do vento e por algo tamén o meu nome é a súa voz.

Sempre me consideraron un ser diferente e estraño, como abofé o son, pero nunca ninguén dubidou de que ía mudar o mundo, de que eu posuía unha misión segreda que pronto se ía desvelar.

Creo que foi á primeira hora dunha mañá calquera, nada máis almorzar unha cunca de papas millas cunha pingalliña de leite de ovella. Ou,.. eran papas de pantrigo? Non me lembro ben, diso xa correron moitos soles. De súpeto esbirrei, e raios de cores invadiron a cociña da miña casa construída debaixo do cachopo dun carballo-. Entre os lóstregos azuis e verdes aparecían pequenas muxicas brillantes que se inicialmente non souben moi ben o que eran, coa seguinte esbirrada caín axiña na conta. Da trompa saían estrelas pequenas e grandes- que pouquiño a pouco rubían polas pólas dos castiñeiros para conquistar o ceo. A cada unha delas poñalle, e póñolle, un nome, o nome dun dos meus amigos: Xosé, Eva, Raquel, Martiño, Mariña, Uxía, Antón, Antía, Saínza, Salomé, Cristal, Aldara, Brais, Nicolás, Roi, Matías, Mateu, Alberte, Rosa,... e centos e máis centos de nomes.

Ataulfo do Outeiro, un vello moi vello, disque con poderes adiviñatorios, explicou a todos que eu ía ser o ferreiro de estrelas, o canteiro de astros celestes,... o carpinteiro de sonhos, o creador dos luceiros do ceo. Pero que, a parte, tiña outra misión: protexer a todos os nenos e todas as nenas do Foxo amais de todos os galegos, como eles protexeran de min cando tan só era unha cascariña de ovo choco que a miña nai incubara na *Rotea de Mendo*, todo aquel inverno de 1490 e tantos.



Non con moita suor, conseguín o posto de bibliotecario no colexio do Foxo. Medía menos dunha cuarta de alto pero era áxil como unha donicela, listo como un esquío e eficiente como unha formiguiña. No entanto a miña vida era nocturna. Só estaba esperto pola noite, e por iso os rapaces da escola deixábanme as súas encargas apuntadas en anaquiños de papel enriba da miña mesa, confiados de que pola mañá puidesen atopar os seus libros solicitados: de Añón, de Valladares, de Blanco Torres, de García Barros, de Cabanillas,...

Así e todo, dende 1936 fixérame un pouco introvertido, ocupaba as horas con interminables lecturas, sacáballe o po aos vellos libros e, ao caladiño, protexía a cada neno e nena do Foxo murmurándolles pola noite, ao pé da almofada e co calorío do meu bafo, a lección que ao día seguinte tiñan que dar no cole.

Recitáballes, a cada un deles, versos de Rosalía, de Pondal, de Curros,... Porque son un eterno amante da cultura galega, na que me formara ata ser un gran experto; sei falar cando menos 20 linguas mortas e pouco máis de medio cento das vivas, creo e soño todos os días co seu país, Galiza, e coas súas xentes, os galegos; e o único que me outorga o milagre da lonxevidade, o segredo da eterna xuventude, poder vivir centos e máis centos de anos, poder respirar milleiros e milleiros de ventos, poder ollar xeracións e máis xeracións de paxariños, e escoitar na voz dos seus amigos, dos pereiriños do Foxo, de Figueroa, de Saidres, do Baño, de Troáns, de Lalín, de Galiza enteira, os sons agarimosos do idioma galego. Cando a lingua está feble, Fuxú adocece; cando o galego está san, Fuxú olla cara ao ceo e crea mancheas de estrelas, mancheas de estrelas cos nomes dos nenos que falan no seu idioma nai.

A apócema segreda para ser feliz e continuar sendo un mociño logo de medio milleiro de anos é: un pouquiño de poesía á semana, algunhas páxinas de xeografía da Nosa Terra ao día e escoitar os sons auténticos do pobo, coa súa musicalidade, cos seus sentimentos, co seu escorregar mainiño de vogais e consoantes.

Agora que me coñeces, berremos con forza todos xuntos para crear novas estrelas:

Viva o idioma Galego!!!  
Viva Galiza!!!  
Longa vida ás nosas palabras!!!  
Longa vida a Fuxú!!!  
-Longa vida aos nenos e nenas do FOXO!!!



**MIL PRIMAVERAS MÁIS PARA A CULTURA GALEGA...  
CEIP DO FOXO**